

O galardón reconece o seu compromiso coa alimentación saudable

EROSKI RECIBE O PREMIO NAOS Á MELLOR INICIATIVA EMPRESARIAL

- O presidente de EROSKI, Agustín Markaide, recolleu o premio de mans da ministra en funcións de Sanidade, Consumo e Benestar Social, María Luisa Carcedo
- O xurado outorgoulle o recoñecemento ao programa EKILIBRIA de EROSKI, que lle ofrece un diagnóstico nutricional personalizado gratuíto ao consumidor
- Trátase do segundo Premio NAOS que obtén EROSKI, amais de tres accésits

Madrid, 19 de novembro do 2019.- O presidente de [EROSKI](#), Agustín Markaide, recolleu esta mañá o *Premio Estratexia NAOS á Iniciativa Empresarial* polo programa [EKILIBRIA](#) de mans da ministra de Sanidade, Consumo e Benestar Social en funcións, María Luisa Carcedo.

A esta [XII edición dos Premios NAOS](#) presentáronse 93 proxectos para as súas distintas modalidades. O seu xurado reconeceu a EROSKI co premio á mellor iniciativa empresarial por facilitar a adopción de hábitos alimentarios saudables entre a poboación co seu programa EKILIBRIA. A concesión destes premios inclúese no marco da Estratexia NAOS que, dende a Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición ([AESAN](#)) do Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social, pretende impulsar as iniciativas que entre os seus obxectivos básicos impulsen a prevención da obesidade e outras enfermidades crónicas derivadas, a través dunha alimentación saudable e a práctica regular de actividade física.

"En EROSKI, dende o noso nacemento hai 50 anos, mantemos un compromiso firme coa saúde e o benestar das persoas consumidoras. É algo que responde á nosa vocación social como cooperativa de consumo. A contribución a uns hábitos de vida saudables é, xa que logo, cuestión prioritaria en EROSKI e está integrada no día a día da nosa actividade, por iso desenvolvemos numerosas liñas de traballo para lles facilitar aos nosos clientes unha vida máis saudable. Unha delas é precisamente o noso programa pioneiro de saúde, hoxe galardoado co Premio NAOS, que ofrece gratuitamente información personalizada e incentivos para unha alimentación e unha compra máis saudable e equilibrada. Este recoñecemento pon en valor a nosa contribución á adopción de hábitos alimentarios saudables entre a poboación e animanos a continuar a traballar nesta liña", afirmou o presidente de

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

EROSKI, Agustín Markaide, na cerimonia dos *Premios Naos* celebrada hoxe en Madrid.

EKILIBRIA é un programa pioneiro en España que utiliza as novas tecnoloxías da información para ofrecer un diagnóstico nutricional personalizado a partir dos hábitos de compra dos Socios Cliente de EROSKI. Conta ademais cunha calculadora nutricional para coñecer o índice de masa corporal, o gasto enerxético total e outros indicadores que permiten obter unha valoración máis completa sobre o estado nutricional do consumidor. A través da devandita avaliación permítelles ás persoas consumidoras mellorar a composición do seu carro da compra para lograr unha combinación máis equilibrada de produtos, partindo das súas necesidades nutricionais. O programa achega un informe mensual personalizado onde o Socio Cliente de EROSKI pode coñecer dun xeito moi sinxelo o equilibrio da súa compra entre os diferentes grupos de alimentos e a adecuación de calorías e outros nutrientes ás súas necesidades. Ademais, permite ver a mellora no tempo, xa que se pode ver a evolución nos doce últimos meses.

Ademais, o programa reúne unha ampla base de receitas saudables e un consultorio nutricional con consellos e respostas do equipo de nutricionistas de EROSKI.

Segundo Premio NAOS que obtén EROSKI

Este novo Premio NAOS súmase ao obtido no 2008 polo programa "EROSKI contigo" de nutrición e benestar, que incluía a mellora da calidade nutricional dos produtos de marca propia eliminando as graxas vexetais parcialmente hidroxenadas, a mellora da etiquetaxe nutricional dos seus produtos de marca propia coa incorporación do semáforo nutricional, e mais as actividades educativas e informativas ao consumidor e as campañas para a prevención da obesidade infantil.

Xunto a estes dous galardóns, EROSKI suma tres accésits no 2011, 2014 e 2018 que confirman o sostido e firme compromiso de EROSKI coa alimentación saudable. Un compromiso que EROSKI recolle nos seus [Compromisos de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI](#) renovados o pasado ano e que pivotan sobre a seguridade alimentaria, a accesibilidade dunha alimentación saudable, a promoción dos alimentos de produción local e o labor educativo e informativo en hábitos saudables, e que engloban máis de 20 liñas de actuación.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)